

## **BASES DO XXVIII CONCURSO DE HUMOR GRÁFICO “CURUXA DO HUMOR 2024”**

### **1. CATEGORÍAS E PARTICIPACIÓN**

- . Na categoría CURUXA, calquera persoa maior de 25 anos residente no Estado español.
- . Na categoría CURUXA-NOVA, calquera persoa de 16 a 25 anos residente no Estado español. As persoas menores de 25 anos poderán participar na categoría xeral, CURUXA, extremo que implica a renuncia á categoría CURUXA-NOVA.
- . Na categoría CARICATURA, calquera persoa maior de 16 anos residente no Estado español.
- . Aos efectos de cómputo de idade, tomarase a idade do/a participante na data na que se publique a convocatoria no BOP.
- . Os/as participantes poderán presentar un só debuxo.

### **2. TEMÁTICA**

- . As obras presentadas serán de temática libre. Humor gráfico nas súas modalidades de viñeta, tira ou cómic (máximo 1 páxina) ou caricatura (no caso de debuxos presentados a esta categoría)

### **3. CARACTERÍSTICAS DOS DEBUXOS A CONCURSO**

- . As obras presentadas a concurso deberán ser de creación propia e inédita.
- . Presentaranse en formato papel, mesmo no caso de traballos realizados dixitalmente (impresión de alta calidade).
- . A dimensión máxima do debuxo será de 29,7x42 cms (A3).
- . Non se admitirán fotocopias nin gravados.

### **4. LINGUA**

- . Os traballos deberán estar redactados en galego ou en calquera das linguas oficiais do Estado (castelán, catalán, euskera) aínda que, neste caso, o/a autor/a deberá achegar xunto coa documentación requirida nas Bases, a tradución ao galego do texto do debuxo.
- . Admítense traballos de humor mudo.

### **5. PRAZO DE PRESENTACIÓN**

- . Desde a data de publicación das bases na web municipal até as 23:59 h do día 31 de maio de 2024.

### **6. ENDEREZO DE PRESENTACIÓN E/OU ENVÍO DOS ORIXINAIS**

A presentación de orixinais a concurso efectuarase no Rexistro Xeral do Concello de Fene ou por calquera outra forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común.

A efectos de envío por correo postal, o enderezo será o seguinte:

## **Rexistro Xeral do Concello de Fene**

**Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n,**

**15500 Fene**

**A Coruña**

### **7. IDENTIFICACIÓN**

. Os traballos presentaranse/enviaranse en paquete ou sobre (SOBRE 1), sen remite (mesmo no caso de envíos certificados), e facendo constar no exterior “Para o concurso do humor gráfico Curuxa do Humor 2024”, amais da categoría na que concursa: Curuxa, Curuxa Nova ou Caricatura.

. No interior deste paquete ou sobre (SOBRE 1), achegarase:

7.1. O debuxo a concurso que non poderá estar asinado (o feito de vir asinado será motivo de exclusión). Ademais, levará no reverso e a lapis, o nº de DNI do autor/a e o lema ou pseudónimo co que se presenta ao concurso.

7.2. Un segundo sobre (SOBRE 2), pechado, e en cuxo exterior conste a categoría na que concursa (Curuxa, Curuxa Nova ou Caricatura), o título da obra e un lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora. No seu interior, incluírase os datos persoais do/a participante: a ficha de inscrición cuberta (ANEXO 1), unha declaración responsable de que a obra é da súa autoría, inédita e orixinal (ANEXO 2) e unha copia do DNI. No caso dos concursantes menores de 18 anos, tamén achegarán unha copia do DNI do pai/nai ou titor/a legal así como a súa autorización asinada para participar no concurso (ANEXO 3).

### **8. EXPOSICIÓN FÍSICA E/OU VIRTUAL DOS TRABALLOS**

. A presentación de traballos a concurso implica a autorización expresa ao Museo do Humor Xaquín Marín a utilizar estas imaxes a efectos expositivos, no propio Museo e/ou noutras instalacións do termo municipal así como na páxina web municipal.

. A exposición do XXVIII Concurso de Humor Gráfico “Curuxa do Humor 2024” realizarase durante o último trimestre do ano 2024.

. O Museo do Humor Xaquín Marín resérvase a facultade de seleccionar aqueles traballos a expoñer. A exposición das obras non reportará dereitos económicos para os autores das ilustracións.

### **9. PREMIOS**

. Categoría CURUXA (maiores de 25 anos)

1º Premio, dotado con 2.500 euros e diploma

. Categoría CURUXA-NOVA (de 16 a 25 anos)

1º Premio, dotado con 1.000 euros e diploma

. Categoría CARICATURA (maiores de 16 anos)

1º Premio, dotado con 1.500 euros e diploma

. Os importes dos premios estarán suxeitos aos impostos e retencións legais que lle sexan de aplicación.

. A financiación de ditos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 334/48000 (orzamento prorrogado).

. As persoas premiadas deberán acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade social, mediante declaración responsable á que se refire o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao non superar a contía o importe de tres mil euros. Ademais, terán que achegar declaración responsable acreditando non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

. Tamén deberán achegar un certificado de titularidade da conta bancaria na que o Concello de Fene fará efectivo o pagamento de cada un dos premios regulados nestas Bases.

. Os/as premiados comprométense a recoller o premio na gala que a estes efectos programe o Museo do Humor Xaquín Marín no último trimestre de 2024.

## **10. COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado do premio, nomeado polo Concello de Fene, estará presidido polo alcalde de Fene. Formarán parte do xurado o/a concelleiro/a de Cultura, a responsable do Museo do Humor Xaquín Marín e tres especialistas en humor gráfico ou humoristas gráficos nomeados pola Alcaldía. A composición do Xurado farase pública na páxina web [www.fene.gal](http://www.fene.gal) antes do fallo do Premio. Actuará como secretaria, a secretaria xeral do Concello de Fene ou o/a traballador/a municipal en quen delegue.

Cada un dos humoristas gráficos ou expertos nomeados polo Concello percibirán, en concepto de honorarios polo seu labor como membros do xurado, as cantidades que a tal efecto se acorden. Estes honorarios estarán suxeitos aos impostos e retencións legais que lles sexan de aplicación.

## **11. FUNCIONAMENTO DO XURADO**

. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Aos efectos da validez da súa constitución, será de aplicación o disposto na Lei 39/2015.

.O xurado poderá declarar desertos todos ou calquera dos premios de non existiren, ao seu xuízo, obras coa suficiente calidade.

. O fallo do xurado terá lugar no prazo de 2 meses trala data límite de presentación dos traballos e darase a coñecer a través da páxina web [www.fene.gal](http://www.fene.gal) e dos diferentes medios de comunicación.

## **12. DEREITOS E PROPIEDAD DOS DEBUXOS**

. Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello de Fene, pasando a formar parte da súa colección no Museo do Humor Xaquín Marín.

. Os/as autores ceden todos os seus dereitos ao Concello de Fene para a publicación, exposición e divulgación por calquera medio dos traballos premiados, citando sempre a súa autoría, premio acadado e ano en que obtivo este galardón.

. Para os traballos non premiados, o Museo do Humor Xaquín Marín comprométese á súa devolución sempre que no envío así se solicite expresamente. Exclúense desta posibilidade aqueles traballos que non se axusten a estas Bases.

. A devolución de orixinais hase efectuar a partir do mes de xaneiro de 2025.

. Aqueles traballos presentados a concurso e para os que non se solicite a devolución pasarán a formar parte da colección do Museo do Humor Xaquín Marín do Concello de Fene.

### **13. ACEPTACIÓN DAS BASES**

. A presentación das obras supón a aceptación destas bases por parte dos/as autores e autoras.

### **14.NORMATIVA APLICABLE**

. En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, , no RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións e polo resto de lexislación que lle resulte aplicable.

. A presente convocatoria efectúase de conformidade coa Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene, aprobada polo Pleno en sesión de 30 de marzo de 2007 e publicada no BOP nº 135 de 15 de xuño.

**FOLLA DE INSCRICIÓN XXVI CONCURSO DE HUMOR GRÁFICO "CURUXA DO HUMOR 2024"**

NOME E APELIDOS \_\_\_\_\_

NOMBRE Y APELLIDOS

ENDEREZO \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_

DIRECCIÓN

LOCALIDAD

CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_ PROVINCIA \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

TELÉFONO MÓBIL \_\_\_\_\_ E-MAIL \_\_\_\_\_

TELÉFONO MÓVIL

E-MAIL

DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

FECHA DE NACIMIENTO

DNI \_\_\_\_\_

DNI

CATEGORÍA NA QUE CONCURSA:      CURUXA                      CURUXA NOVA

CATEGORÍA EN LA QUE CONCURSA

TÍTULO DA OBRA \_\_\_\_\_

TÍTULO DE LA OBRA

TÉCNICAS EMPREGADAS \_\_\_\_\_

TÉCNICAS UTILIZADAS

LENDAX/TEXTO (CON TRADUCCIÓN OBRIGATORIA AO GALEGO) \_\_\_\_\_

LEYENDA/TEXTO (CON TRADUCCIÓN OBLIGATORIA AL GALLEGO)

CURRÍCULO DO/A AUTOR/A (PODERASE COMPLETAR EN FOLLA APARTE) \_\_\_\_\_

CURRÍCULUM DEL AUTOR/A (SE PODRÁ COMPLETAR EN HOJA APARTE)

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

ANEXO 2

**DECLARACIÓN RESPONSABLE PREMIOS CURUXA 2024**

DECLARACIÓN RESPONSABLE PREMIOS CURUXA 2024

Eu \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_

Yo \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

Declaro que a obra presentada ao certame "Curuxa do Humor 2024" é da miña autoría, inédita e orixinal.

Declaro que la obra presentada al certamen "Curuxa do Humor 2024" es de mi autoría, inédita y original.

E para que así conste, asino o presente documento.

Y para que así conste, firmo el presente documento.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

ANEXO 3

**AUTORIZACIÓN DO PAI, NAI OU TUTOR/A LEGAL**

AUTORIZACIÓN DEL PADRE/MADRE O TUTOR/A LEGAL

**SÓ PARA OS PARTICIPANTES DA CATEGORÍA CURUXA NOVA E MENORES DE 18 ANOS**

SÓLO PARA LOS PARTICIPANTES DE LA CATEGORÍA "CURUXA NOVA" Y MENORES DE 18 AÑOS

Eu \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_

Yo \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

Autorizo ao meu fillo/a \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_

Autorizo a mi hijo/a \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_

a participar no certame "Curuxa do Humor 2024". E para que así conste, asino o presente documento.

a participar en el certamen "Curuxa do Humor 2024". Y para que así conste, firmo el presente documento.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024